

# Situacións sociolingüísticas

## Teatro Sobre o trato que lle damos ao galego


Comedia bífida

· Manuel Núñez

Singala ·

Galaxia, 2007 ·

112 páx · 10,50 euros



Aínda que xa vai aló o ano da súa saída ás librarías, non podemos deixar pasar por alto, tamén polo seu sumo interese dramático, un dos escasísimos exemplares de teatro para a mocidade. Teatro e mocidade, dous elementos específicos diluídos na etiqueta xenérica da LIX (Literatura Infantil e Xuvenil) que tanto interese poden ter dende o ámbito creativo para experimentar novas linguaxes dramáticas atractivas á lectora ou lector adolescente, como dende a achega de ferramentas para o traballo interdisciplinar na aula. Sen dúbida, *Comedia bífida* combina estes dous aspectos.

Sen ser un profesional ou habitual traballador da arte dramática, Manuel Núñez Singala amosa un profundo dominio dramático e das estratexias comunicativas e humorísticas que acompañan a un texto visualizábel facilmente sobre o escenario. Xa dende que se nos dera a coñecer como dramaturgo gañando o premio Xiría en 1991 con *O achado do castro*, moitas foron as compañías e grupos escolares que se viron atraídos por vestiren o traxe textual en innúmeras cerimonias teatrais. O director do Servizo de Normalización Lingüística da USC lanza agora unha comedia fresca e con toda a inspiración que nos produce a fala da xente polas rúas, polas cidades, nos ban-

cos, nos despachos... A peza fainos convivir con personaxes por uns camiños polos que el sabe camiñar á perfección, o trato que os galegos lle damos á nosa lingua. Proposta escénica ritualésca e desinhibida que nos prepara para un macroxuízo oficiado por un San Pedro petrucial e cerimonioso, con Luci (Lucifer) na acusación –sublime na súa intelixencia raposeira, sibilina, pecadora e con toque transexual totalmente normalizado– e un Arcanxo como avogado da defensa –arcanxo en comisión de servizos, con lategazos cómicos sobre as situacións funcionariais e con argumentacións sempre a partir dunha hipercorrección lexislativa, que o afasta da realidade–.

A trama concíbese como un cúmulo de situacións sociolingüísticas tipo moi útiles para a docencia de lingua en educación secundaria –quizais este é o obxectivo principal e, seguramente, o que máis vida escénica lle outorgue ao texto–. Prexuízos lingüísticos, debates sobre as variedades dialectais, galeguismos característicos do coruño e do viguismo, perda xeracional de transmisión dunha lingua, lingua A e lingua B, usos diglósicos, etc. Atmosfera de morte recente –no espazo sonoro, no *atrezzo*, na propia contextualización do discurso–, viaxeiros en tránsito con alto risco de seren sancionados polas súas infraccións e inconsciencias lingüísticas co galego. Xuízo de faltas ou delitos dos cales os acusados, como iremos vendo nas súas alegacións, non son de todo culpábeis. Quen contribúe a delinquir? A educación, a publicidade... a non efectivización da normalización lingüística, concluiremos ao abeiro

de confesións delirantes de pura verdade, aí están nas palabras das siamesas Lina e Lana: “Las clases de gallego las daba sor Crisanta... que acababa de llegar de Soria y le tocaba lo que nadie quería”. (p. 81)

A ficción, pois, fornece elementos abondo para analizar unha realidade que nos debe preocupar e na que nos debemos posicionar activamente, a situación da lingua galega tras anos de desatención, cunha política lingüística institucional baseada nun insostíbel bilingüismo harmónico ao que, quizais, fai referencia o propio título da obra: *Comedia bífida*. Tamén esa imaxe bicéfala que obtemos ao pechar o libro e que o propio teatro posúe dende a súa orixe é a dun espello dos nosos días, cara a cara cos nosos vicios, coas nosas paixóns, problemas, costumes e torpezas. Humor como catarse, o grotesco como exorcización da verdade –seguindo as palabras limiares de Darío Fo–, mais con certos excesos valorativos que poden, magoadamente, levar a pexar a obra, con acusacións de certo maniqueísmo malia que parta da absoluta observación e retrato da realidade –por exemplo, na descrición do *dramatis personae*, onde se nos di o que o lector intelixentemente deducirá, sen que se adiante nin marque na didascalia, “PEPE. Empresario de mediana idade, mediana intelixencia e mediana moral”–.

A Costa Oeste da Editorial Galaxia acolle un libro para o que intuimos outro destacado éxito editorial, unha moi necesaria fonte de debate e coñecemento a través da diversión e de todas as amables sorpresas que tamén nos pode brindar a práctica escénica. // **Roberto Pascual**